

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:
2024/G007/000002**

Excma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a relación de expedientes concluídos asinada polo secretario xeral do Pleno en funcións en data 22 de xaneiro de 2024 e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **xoves**, día **25 de xaneiro de 2024**, ás **DEZ DA MAÑÁ**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/5 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023.

A) PARTE RESOLUTIVA

PROPOSICIÓNS

2/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 22/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ (Exp. 2024/G004/000022).

3/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 23/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A PROMOCIÓN E IMPULSO DUN PLAN DE ORDENACIÓN DA TERRA A TRAVÉS DO SISTEMA DE PERMUTAS (Exp. 2024/G004/000023).

4/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 24/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A MELLORA DA ILUMINACIÓN EN DIFERENTES ZONAS DE LUGO (Exp. 2024/G004/000024).

5/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A CONVOCATORIA DUNHA MESA DE TRABALLO PARA ESTUDAR A UBICACIÓN DA PRAIA FLUVIAL CO OBXECTIVO DE QUE ENTRE EN FUNCIONAMENTO NO VERÁN DESTA ANO 2024 (Exp. 2024/G004/000025).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

6/10 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2023, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2023 (Exp. 2024/G004/000001).

7/11 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2024 (Exp. 2024/G004/000004).

8/12 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 464/2024, DO 19 DE XANEIRO DE 2024, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN DENDE O 19-1-2024 (CORPORACIÓN 2023-2027): XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

INTERVENCIÓN

9/13 DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO PARA O ANO 2024.

TESOURERÍA

10/14 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DITADAS NO MES DE DECEMBRO DE 2024.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A CUMPRIR AS ORDENANZAS FISCAIS E SE COBREN OS SERVIZOS MUNICIPAIS NOS PRAZOS ESTABLECIDOS.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 28/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE POÑAN EN MARCHA ACCIÓNS FORMATIVAS EN CONCORDANCIA COAS NECESIDADES DO MERCADO LABORAL DO NOSO CONCELLO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 29/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE PROCEDA A CONVOCAR A COMISIÓN DO RUEIRO Á MAIOR BREVIDADE.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 30/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICEN OS TRÁMITES E COMECE A FUNCIONAR O TAXI A DEMANDA NO RURAL DE LUGO.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 31/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS OBRAS DE PEONALIZACIÓN DO CENTRO DE LUGO.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 32/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS EXPROPIACIÓNS DE TAPÓNS URBANÍSTICOS.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 33/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DO AUDITORIO DE MAGOI.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 34/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA DE ESCRITURAS AOS VECIÑOS DO BARRIO DA CROA.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.